



Departamento de Matemáticas

CURSO 2024-2025

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN BACHARELATO

O aprobado tanto dunha avaliación, coma do curso, establécese, como mínimo, nun 5.

As aproximacións faranse utilizando o seguinte criterio

{[Parte decimal $\geq 0,75$] \rightarrow aproximarase por exceso ao seguinte enteiro }

Para calculala media de cada avaliación non é necesario unha cualificación mínima nos exames.

Para calculala nota final da materia non é necesario unha unha cualificación mínima nas avaliacións.

Para calculala cualificación final de curso utilizarase a cualificación non aproximada de cada avaliación.

Os traballos non se recollerán fóra de prazo. A data de recollida de traballos será fixada con tempo suficiente.

Por avaliación faranse, como mínimo, dous exames. Os pesos dos exames

1º – 2º BACHARELATO (MATEMÁTICAS)	
Ex 1	40%
Ex 2	60%
2º BACHARELATO (MEN)	
Ex 1	50%
Ex 2	50%

En tódolos niveis educativos, salvo na materia de MEN en 2º BAC, en cada exame entrará materia do traballado anteriormente. Esta é a razón pola que o peso de cada exame aumenta ao longo da avaliación.

Recuperacións.

Habrá recuperación de cada avaliación por trimestres. Este exame de recuperación (Recup1) abarcará os criterios de avaliación de todo o trimestre e valorarase sobre 10 puntos. Terá que facelo, de maneira obrigatoria, aquel alumnado cuxa cualificación da avaliación (CualAv) sexa inferior a 5. A este exame tamén poderá presentarse, de maneira voluntaria, o alumnado que, tendo aprobada a avaliación, queira mellorar a súa cualificación.

Cálculo da cualificación da avaliación despois de facelo exame de recuperación (CualAvRecup).

A cualificación final da avaliación despois de facelo o exame de recuperación calcularase da seguinte maneira:

$$\text{CualAvRecup} = \text{MAX} (\text{CualAv}, \text{cualificación do exame de recuperación (Recup1)})$$

Cálculo da cualificación final ordinaria, (CualFinORD)

CualFinORD= Media aritmética das cualificacións finais das avaliacións.

Para este cálculo, no caso do alumnado que faga a recuperación, utilizarase a CualAvRecup. Noutro caso, coa cualificación non aproximada da avaliación.

Se esta cualificación é ≥ 5 , o alumnado terá a materia superada.

Se a cualificación final ordinaria é < 5 , o alumnado terá unha proba extraordinaria.

Cálculo da cualificación final extraordinaria, (CualFinEXT)

Na proba extraordinaria entrarán todos os criterios de avaliación de todo o curso. O seu peso será do 100%. A cualificación desta proba será a Cualificación Final Convocatoria Extraordinaria (CualFinEXT)

Se esta cualificación é ≥ 5 , o alumnado terá a materia superada.

Se a cualificación final extraordinaria < 5 , o alumnado terá que recuperala no curso seguinte, se é o caso.